XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SR. INTERVENTOR ACCTAL:** D/Dª MANUEL G. ANTÓN VILLAMIL **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do oito de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE ACTIVIDADES DO ANO 2015, CO CENTRO CPI O FEAL**.- Dase conta da seguinte resolución:

"**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, con data 27/05/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario (ENS10I032), que textualmente transcrito di así:

"ASUNTO : *Aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.P.I. O FEAL en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia- Pedroso durante o período xaneiro-decembro de 2015.*

ANTECEDENTES *:*

En data 26-03-2015 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.P.I. O FEAL en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural "Aldea Nova" e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso, por importe de 3.868,20€

De acordo coa cláusula 6ª do convenio, o C.P.I. O FEAL presenta a documentación requerida, procedendo informar favorablemente a xustificación do convenio, executado no período do 01 de xaneiro de 2015 ao 31 de decembro de 2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS :

. Lei 7/1985 , do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

. Real decreto lexislativo 781/1986 , do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

. Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administratvo Común e o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP)
. Lei 38/2003, de 17 de novembro , xeral de subvencións (LXS).
. Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de Subvencións (RDXS).
. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
. Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.
. Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para actividades a desenvolver no P.T.I.D.R. Aldea Nova e na área medioambiental Río Xuvia-Pedroso.
. Bases de execución do orzamento vixente.
Á vista do exposto e dos informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de 23 e 24 de de maio de 2016, esta xefatura PROPÓN á Concelleira Delegada para Cooperación no Ensino e Bibliotecas, de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo :
Aprobar a xustificación parcial, por importe de 3.868,20€ presentada polo C.P.I. O FEAL, con C.I.F. Q-6555032-I, mediante facturas xustificativas por importe de 2.313,€ e procedendo ao reintegro de 1.555,20€ sobrantes, correspondente ao convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural "Aldea Nova" e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.
Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno."
Este informe foi fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral o día 29/07/2016 (INT10I0JB), coa observación que consta no apartado 5º de dito informe, e de que se realizou unha xustificación extemporánea, que conleva a imposición dunha sanción mediante a tramitación do correspondente procedemento sancionador.
Visto o informe da Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Mª Yolanda García Martínez, de 29 de xullo de 2016, no que se propón a non imposición de sanción polos motivos referenciados no mesmo, e que a imposición da sanción dificultaría ou impediría á entidade a consecución dos seus fins.
A Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, por delegación da Alcaldía, e ante a urxencia da aprobación da xustificación do convenio coa entidade C.P.I. O Feal, é preciso acelerar a tramitación do expediente, co fin de non causar prexuízo a terceiros.
O artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que, "Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, ..."
Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a vixente lexislación, ven en RESOLVER:
1º Avocar a competencia delegada na Xunta de goberno Local para a aprobación da xustificación de convenios de colaboración entre o Concello de Narón e distintas entidades, polos motivos expostos.
2º Aprobar a xustificación parcial, por importe de 3.868,20€ presentada polo C.P.I. O FEAL, con C.I.F. Q-6555032-I, mediante facturas xustificativas por importe de 2.313,€ e procedendo ao reintegro de 1.555,20€ sobrantes, correspondente ao convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de educación para o desenvolvemento do programa municipal de recursos de apoio á educación, no referido ás actividades, unidades didácticas, obradoiros e demais accións que se desenvolveron no Parque Temático Integral de Desenvolvemento Rural "Aldea Nova" e na Área Medioambiental Río Xuvia-Pedroso no período 01/01/2015 ao 31/12/2015.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

3º Acordar a non imposición de sanción á entidade C.P.I. O Feal, pola xustificación extemporánea do convenio do ano 2015 en materia de educación.
4º Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local.
Narón, 29 de xullo de 2016

Vº e Prace

O Alcalde O Secretario Xeral

José Manuel Blanco Suárez Alfonso de Prado Fernández-Canteli"

A Xunta de Goberno Local deuse por enterada.

3 **.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓNS URBANÍSTICAS**.- Vistas as propostas formuladas por diversos veciños de Narón,

PRIMEIRO. Acéptanse as cesións gratuíta de terreos efectuadas por aqueles para destinalos a zona verde e viais.

SEGUNDO.- Incorpóranse as superficies ó patrimonio municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2016**.- Vista a proposta formulada que di asi: Vista a proposta formulada que di asi: O día 22-08-2016 a xefa de Organización elevou á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas o informe proposta co código ASI10I0FO, do expediente ASI/38/2016, que literalmente di:

"INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2016

O día 05-05-2016 a Xunta de Goberno Local aprobou a solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2016.

O día 21-07-2016 publícase no DOG a resolución da subvención solicitada á Secretaría Xeral de Política Lingüística, aprobada por un importe de 2.533 euros.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Aceptar a subvención recibida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística polo importe indicado de 2.533 euros.

Segundo.- Aprobar o plan de financiamento para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Narón para a anualidade 2016, que é o seguinte:

Custos totais de persoal	42.384,06 euros

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Achega do concello	27.851,06 euros
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	12.000 euros
Subvención concedida pola SXPL	2.533 euros

A achega do concello para o gasto de persoal do Servizo de Normalización Lingüística está incluído no orzamento do concello de 2016.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que considere máis oportuno. "

Logo de ver o informe proposta favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO10I04Y, esta concelleira delegada de Educación propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN EN ESPECIE PARA O EQUIPAMENTO DO SERVIZO DE EMERXENCIAS**.- Vista a proposta formulada que di asi: Vista a proposta formulada que di asi: A funcionaria responsable de Asistencia á Secretaría, en data 05-09-2016, elevou a este Alcalde o informe de código ASI10I0GE que di:
"

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/42/2016: Subvención para o equipamento do Servizo de Emerxencias 2016
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aceptación de subvención

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 12 de maio, adoptou o acordo polo que se solicita da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a subvención en especie para a equipamento do servizo de Emerxencias de Narón, de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. Liña 4: remolques de salvamento e rescate.
2. Liña 3: embarcacións pneumáticas de salvamento e rescate.
3. Liña 2: remolques para a atención ás emerxencias.

No DOG núm. 133, do 14 de xullo de 2016, publicouse *RESOLUCIÓN do 13 de xullo de 2016 pola que se resolve a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamento de emerxencias, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020*, na que se adxudica a este Concello o seguinte equipamento:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Remolque de emerxencias.

Obra no expediente, así mesmo, a notificación individual de concesión que cómpre aceptar.

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2016. Concretamente a base 49, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión e o desistimento ou rexeitamento deberán ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá vir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por concesión*. Ante esta subvención en especie non é procedente plan de financiamento algún, se ben a concesión do equipamento estará subordinada ao cumprimento de certas condicións recollidas na acta de cesión de futura subscrición.

Polo anteriormente exposto esta funcionario solicita á alcaldía deste Concello que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aceptar da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza **a subvención en especie** pola que se cede a este Concello o seguinte equipamento para o Servizo de Emerxencias:

- Remolque de emerxencias.

SEGUNDO: Dar conta deste acordo ao órgano concedente e aos Servizos Económicos do Concello."

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **INT10I0WB**), este Alcalde propón á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta do mesmo aos Servizos Económicos de Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

FÓRA DA ORDE DO DÍA e previa declaración de urxencia, de conformidade co art. 83 do R.D. 2568/1986 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluí-los seguintes asuntos:

A.- PROPOSTA DE SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA DUNHA SUBVENCIÓN PARA O PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO NO ANO 2016..- Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 06-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1J1), que textualmente dí:

"*INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL*
Asunto: Proposta de aprobación de solicitude a Deputación Provincial da Coruña de subvención nominativa destinada a financiar o Programa de Erradicación do Chabolismo no ano 2016.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscrebe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES:
Dende o ano 2008, desde a área de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística da Deputación da Coruña, ofrecéuselle a este Concello a posibilidade de establecer unha colaboración entre e Concello de Narón e a Deputación da Coruña no desenvolvemento de plans e proxectos municipais de erradicación do chabolismo, mediante o establecemento dun convenio que permitise o cofinanciamento dos equipos humanos que traballan na inclusión social deste colectivo.

En data 15-6-2016 con número do Rexistro Xeral de saída 5.297, envíase un oficio coa intención de Formalizar o convenio no ano 2016, así mesmo en data 30-8-2016 con número do Rexistro Xeral de entrada 13.383, a Deputación Provincial da Coruña presenta o requerimento de documentación para formalizar o expediente de subvención nominativa de Erradicación do Chabolismo no ano 2016.

O Servizo Sociocomunitario Municipal, elaborou o "Proxecto Técnico da Intervención en Materia de Chabolismo e Reloxo en Vivenda Normalizada na Comunidade Xitana de Narón 2016" para que se cofinancie pola Deputación Provincial da Coruña na referenciada convocatoria.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- *Lei 7/1985 , de 2de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido da s disposicións legais vixentes en materia de réxime local 8(TRRL)*
- *Lei 38/2003, do 17 de noviembre, xeral de subvencións (LXS)*
- *RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Bases de execución do orzamento do exercicio 2016.*

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa á Concelleira Delegada en Materia de Acción Social, para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción das seguintes propostas:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención nominativa destinada a financiar o programa de erradicación do chabolismo no ano 2016, para o periodo comprendido entre o 2 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2016, co seguinte detalle:

Importe total do proxecto	*63.424,07€*	
Achega do Concello –Aplicación orzamentaria 24/23100	*30.000,00€*	
Subvención solicitada á Deputación Provincial da Coruña.	*33.424,07€*	

2º.- A Achega do concello financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 24/23100 do exercicio 2016.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

3º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

4º.- Nomear a D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente, representante para as relacións desta entidade coa Deputación Provincial da Coruña,no refente a esta solicitude de subvención nominativa."

Logo de ver o informe de intervención(doc aupac ICO10I05C)de data 7-9-2016 de 2016, intervido e conforme, a Concelleira delegada en materia de Acción Social, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

B.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR.- Vista a proposta formulada que di asi: Asunto: Aprobación convocatoria pública de axudas para material escolar, curso 2016-2017.
Visto o informe-proposta emitido pola xefatura do servizo Sociocomunitario con data 05/09/2016 (SSO10I13O) fiscalizado de conformidade pola Intervención municipal (INT10I0WF), esta Alcaldía **propón á Xunta de Goberno Local** que acorde:

"- Aprobar a convocatoria pública de axudas municipais para material didáctico para o curso 2016-2017, así como o establecido nos seguintes puntos:

Convocatoria pública de "axudas para material escolar" para o curso 2016-2017, de acordo co establecido no Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón, así como ao establecido nos seguintes puntos:
Obxecto, condicións e finalidade da convocatoria:
A convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas destinadas a facilitar o acceso ao material didáctico e escolar das familias con alumnado matriculado en centros públicos ou concertados do Concello de Narón, nos niveis educativos do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional de ciclos medios, e educación secundaria de adultos.

As condicións e finalidade serán as contempladas no Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón.

Exclusións:
Quedarán excluídos destas axudas o alumnado matriculado en centros públicos ou concertados situados fóra do termo municipal cuxa praza non fora asinada pola Comisión de Escolarización ou Inspección educativa.
Compatibilidades:

Estas axudas serán compatibles coas concedidas por calquera outra administración pública ou privada, sempre e cando o total das axudas concedidas non supere o 100 % do custo real dos materiais financiados.

Procedemento de concesión:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A concesión das axudas efectúase en réxime de concorrencia competitiva, con subxección ao procedemento establecido no Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón.

Aplicación orzamentaria e contía total da mesma:

As axudas que se concederán na presente convocatoria efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 12-32600-48002 do orzamento do Concello de Narón para o exercicio 2016, polo importe máximo de 24.790,00 €.

Beneficiarios:

Poderán solicitar as axudas todas as familias empadroadas en Narón, cunha antigüedade de seis meses á data da solicitude, ou da convocatoria das axudas, con fillos escolarizados nos niveis educativos do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional de ciclos medios, educación secundaria de adultos, e centros de educación especial.

Así mesmo poderán solicitalas aquelas familias cuxos fillos/as foran escolarizados en centros escolares fóra do termo municipal por prescrición da Comisión de Escolarización ou da Inspección de Educación. Do mesmo xeito tamén poderán solicitar estas axudas aqueles alumnos matriculados nos niveis educativos de Formación Profesional ou Bacharelato cuxas modalidades non se oferten no termo municipal.

Non poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas cuxa unidade de convivencia/familiar supere o límite de ingresos anuais establecidos na táboa do apartado “Criterios de concesión”.

Lugar, prazo, e documentación para a presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, conforme ao modelo oficial facilitado polo Concello, ou por calquera outro dos medios previstos no art. 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificado pola Lei 4/99 de 13 de xaneiro.

O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días naturais** contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

A solicitude contén as seguintes declaracións:

- Declaración xurada de ingresos e doutras axudas.
- Declaración responsable dos seguintes extremos:
    - Que os datos que figuran na solicitude e na documentación que se achega son certos.
    - Que non concorren as circunstancias que se contemplan no art. 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións, para obter a consideración de beneficiario.
    - Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
    - Que non é debedor de obrigas pro reintegro de subvencións.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Á Solicitude, segundo modelo oficial facilitado polo Concello, deberá axuntarse:

- Fotocopia do DNI, ou no caso de ser estranxeiro, NIE, tarxeta de residencia ou pasaporte, do solicitante e dos maiores de 16 anos da unidade familiar/convivencia.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia da declaración da renda de todos os membros da unidade de convivencia/familiar, ou, no caso de non estar obrigados a facela:
    - Certificado de imputación de rendas de Facenda de todos os membros da unidade de convivencia/familiar.
    - No caso de pensionistas: certificado do organismo pagador acreditativo das prestacións que percibe.
    - No caso de desempregados: certificación do SPE acreditativa de estar en situación de desemprego, e percepción de prestación, de ser o caso.
    - No caso de ser autónomo: declaración trimestrais 130 e 303 dos 3 últimos trimestres.
    - No caso de estar traballando: fotocopia do contrato de traballo e das últimas dúas nóminas das persoas maiores de 16 anos que realicen actividades laborais.
- Sentenza de separación/divorcio/alimentos, segundo o caso, ou fotocopia do auto das medidas provisionais ou xustificante de ter presentado a demanda.
- Certificado conforme o alumno/a figura matriculado no curso escolar, con indicación de se repiten o curso ou non.
- Ouros específicos requiridos polo Concello segundo as circunstancias ou necesidades para a correcta valoración da solicitude.

Criterios de concesión:

O criterio de valoración de acordo co establecido no Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón, será que a unidade de convivencia/familiar da persoa solicitante non supere o límite de ingresos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM anual, en función do número de membros da unidade familiar/convivencia:

Nº membros unidade de convivencia	Tope de ingresos
1	IPREM + 20 %
2	IPREM + 40 %
3	IPREM + 60 %
4	IPREM + 80 %
5	IPREM + 100 %
6	IPREM + 120 %
7	IPREM + 140 %

Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento:

Corresponderá ao Servizo Sociocomunitario Municipal a instrución dos expedientes; a resolución de concesión ou denegación das axudas, previo informe da Intervención Xeral, será ditada pola Alcaldía, conforme ao establecido no Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O prazo máximo para resolver será de un mes a partir da data de solicitude, agás que sexa necesario requirir datos aos solicitantes, e se paralice o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no art. 42.5 da Lei 30/1992.

Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa petición.

En todo caso, a prestación concederase en función dos orzamentos dispoñibles no Concello na partida correspondente. Por este motivo, non bastará para percibir a prestación con que o solicitante reúna os requisitos esixibles, senón que é preciso que exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente. Caso de que o orzamento dispoñible non fose suficiente terán preferencia as solicitudes con renda familiar mais baixa.

Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará formada por:

- O/A Concelleiro/a delegado/a de Acción Social
- A Xefa do Servizo Sociocomunitario
- Un Técnico de Xestión do Servizo Sociocomunitario

Importe e pago da axuda:

As axudas concederanse de acordo coa seguinte táboa:

Nivel escolar	Importe da axuda
Educación Infantil: material didáctico e escolar	60 €
Educación Primaria: material didáctico e escolar	70 €
Educación Secundaria: material didáctico e escolar	90 €
Bacharelato e FP (ciclos medios): material didáctico e escolar	180 €
Centros de Educación Especial	150 €

O pago das axudas realizarase mediante a entrega dun “VALE”, asinado pola Concellería Delegada, que será presentado en calquera das librerías do termo municipal de Narón, para poder adquirir o material escolar e didáctico que o solicitante demande, e polo importe máximo que figure no referido “VALE”, que coincidirá co importe da axuda outorgada. Este vale caducará no prazo que no mesmo quede indicado.

O comerciante que subministre o material deberá expedir factura, que cumpra cos seguintes requisitos:

- Deberá achegar o “VALE” orixinal.
- Prazo máximo de presentación: 30 días a partir da entrega do material.
- Importe máximo da factura: o importe do “VALE”.
- Deberá especificar os artigos subministrados, desglosando o IVE que corresponda a cada artigo.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Non poderán ser facturados materiais distintos aos especificados no “VALE”. Só será admitido material didáctico e escolar.
- Deberá cumprir coa normativa vixente en materia de facturación.

Gasto para o que se concede a axuda:

As axudas concedidas terán como destino a adquisición de material didáctico e escolar.

Considérase material didáctico: os dicionarios e outros materiais de consulta, cadernos, bolígrafos, e materiais miúdos de carácter académico.

Considérase material escolar: os instrumentos musicais, material informático e equipamento deportivo, se ben este material non poderá superar o custe do 50 % da axuda.

Notificación e recursos:

A resolución que conceda ou denegue a axuda será notificada ao solicitante, poñendo fin á via administrativa. Contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, se o acto fose expreso, e no prazo de tres meses, se non o fose; ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdicional Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Publicación do anuncio da convocatoria:

A presente convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación no BOP, ademais de ser exposta na páxina web do Concello. Publicarase un extracto da mesma no xornal de máxima difusión, con indicación do obxecto e finalidade das axudas, requisitos para formular as solicitudes, lugar e prazo de presentación das mesmas, e a oficina municipal onde se poden obter os modelos de solicitude.”

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es